

DOMINGO X ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA (Os 6, 3-6)

Lectura do libro do profeta Óseas

Esforcémonos por coñece-lo Señor: a súa irrupción é segura coma a alba.

Viranos á terra certamente unha chuvia forte, si, a chuvia da primavera e a chuvia do outono.

¿Que che vou facer, Efraím? ¿Que che vou facer, Xudá?

O voso amor é coma a nube da mañá, coma o orballo da madrugada, que pasa.

Por isto ferín co meu terrible oráculo, matei coas palabras da miña boca, e a miña sentenza brilla coma o sol, pois quero amor, e non sacrificios, prefiro o coñecemento de Deus ós holocaustos.

Palabra do Señor

SALMO RESPONSORIAL (Sal 49, 1 e 8. 12-13. 14-15)

R/. (23b): **Ó que vai por bo camiño dareille a salvación de Deus.**

Fala o Señor, o Deus dos deuses,
convoca a terra desde oriente a occidente.
Non te reprendo polos teus sacrificios,
pois os teus holocaustos están sempre diante miña.

Se tivese fame, non cho iría dicir,
pois meu é o mundo e canto o enche.
¿Acaso como eu carne de touros
e bebo sangue de carneiros?

Ofrécelle a Deus a loanza
e cumpre os teus votos ó Altísimo.
Invócame no tempo do apuro:
eu salvareite e ti darasme gloria.

SEGUNDA LECTURA (Rm 4, 18-25)

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Romanos

Irmáns:

Contra toda esperanza, Abrahán creu, apoiado na esperanza, de xeito que chegou a ser pai de moitas nacións, como se lle dixera: así será a túa liñaxe.

E non abalou na fe, anque ben vía que o seu corpo xa estaba morto -tiña ó pé de cen anos- e que morto estaba tamén o seo de Sara.

Diante da promesa de Deus non dubidou por incredulidade, senón que se fortaleceu na fe, dando gloria a Deus, ben seguro de que é poderoso para cumpri-lo prometido. Por iso valeulle a xustificación.

Estas palabras non se escribiron soamente por el, senón tamén por nós. Pois hanos valer tamén a nós, que cremos naquel que resucitou dos mortos a Xesús, noso Señor, que foi entregado por culpa dos nosos pecados e foi resucitado por mor da nosa xustificación.

EVANXEO (Mt 9, 9-13)

Lectura do santo evanxeo segundo Máteo

Naquel tempo, ó pasar por alí, Xesús viu un home, chamado Mateo, que estaba sentado ó mostrador da contribución, e díxolle:

- Sígueme.

El ergueuse e seguiu.

E resulta que, estando Xesús á mesa na casa de Mateo, viñeron moitos publicanos e pecadores, e puxéronse tamén á mesa con Xesús e mailos seus discípulos.

Cando tal viron os fariseos, díxeronlles ós discípulos del:

- ¿Como é que o voso Mestre está a comer con publicanos e pecadores?

El oíuno e dixo:

- Non precisan de médico os sans, senón os enfermos. Ide, pois, aprende-lo que significa aquilo de "Misericordia quero e non sacrificios" porque non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores.